



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 24 DE XANEIRO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as nove horas do día vinte e catro de xaneiro de dous mil catorce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- D^a. Carmen Gloria Fernández Ozores.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO.- PROPOSTA ALCALDÍA DE APROBACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS, ASÍ COMO A APERTURA DE PROCEDIMENTO ABERTO DA XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DA GUARDA.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Visto o expediente para adxudicar a contratación da xestión do servizo de piscina cuberta e climatizada municipal no Concello da Guarda, mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión, vistos os informes de Secretaría e Intervención

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- A aprobación do expediente de contratación, así como do Prego de cláusulas administrativas-técnicas da contratación da xestión do servizo de piscina cuberta e climatizada



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

municipal no Concello da Guarda, mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión.

2.- Dispoñer a apertura do procedemento aberto de adxudicación, mediante concurso.

3.- Ordenar o anuncio do procedemento de adxudicación no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia e Taboleiro de Edictos da entidade, durante un prazo de 15 días naturais a contar dende a última publicación.”

A señora Estévez Álvarez di que non están de acordo cos pregos, porque non entenden ao motivo de poñer oito anos de duración nin co tope do 40% na asunción dos gastos, no informe de Intervención non existe xustificación, e non se inclúen os gastos de auga, para mellora do gasto enerxético. Di que faltan datos do ano 2013 nos datos económicos facilitados.

O señor Lomba Alonso di que o BNG presentou un escrito sobre uns puntos, se lles dan datos soltos, só aparece unha sinatura na primeira folla, esperaban un informe motivado. Di que non é forma de proceder, tarde e mal, os datos deberían darse antes da Comisión de Asuntos Plenarios para facer unha discusión seria dos pregos. En relación cos datos económicos, custoulles entendelos, a empresa da perdas os últimos dous anos, salvo que se lle explique que non é así, e se é así, pregunta canto leva perdendo. Pregunta se había intención de informar aos licitadores das condicións nas que está o servizo, pois sería o xusto. Consideran que a xestión do equipo de goberno sobre a piscina non é boa, houbo recorte do horario e incremento dos prezos aos aboados, recorda que nunha época, no mes de xullo se reducían as tarifas coa redución do horario, e este equipo de goberno rompeu con esa tónica. Agora se podería facer. Non están de acordo co tope na participación dos gastos, non o entenden, sorpréndelle que o mínimo que se lle solicita é o canon que se pagaba anteriormente. Non están de acordo con esta valoración, é insatisfactoria a explicación que deron en Asuntos Plenarios, pois falan de beneficiar ao Concello e non entenden ese límite. No punto 4, na responsabilidade fronte aos traballadores, botan de menos a puntuación na mellora e ampliación de plantilla, e melloras das condicións dos traballadores. Na revisión de prezos, botan en falta a valoración da redución de tarifas a sectores desfavorecidos e que as empresas poidan ofertar esas reducións. Quere unha explicación sobre eses datos, ou o BNG votaría en contra.

A señora Iglesias Ferreira di que se viña reclamando polo PP sacar a licitación esta xestión, e o equipo de goberno tivo en conta as aportacións feitas polo seu grupo, así como as peticións do clube de natación. Lamentan chegar tarde, hai un exceso de gastos, coa celebración de Comisións e Plenos, e o PP espera ter o novo convenio asinado, que mellore a xestión, as instalación e o servizo, e supere o beneficio ó Concello, polo que non serán impedimento para que saian adiante.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e agradece as aportacións feitas aos pregos, a maioría aparecen contidas, pois os melloraban. Di que o equipo de goberno non puido traelos antes, por unha serie de circunstancias, e preferiron facelo con calma e ben. Se fixeron reunións con entidades deportivas e as súas demandas aparecen recollidas nos pregos. Explica que a memoria sinala que as pretensións do equipo de goberno é que o concesionario se implique nos gastos enerxéticos, en un correcto mantemento da piscina. En relación co prazo, hai uns



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

requisitos mínimos de inversión, e para garantir o equilibrio económico hai que establecer un período mínimo. Volve a agradecer as aportacións.

Intervén o señor Español Otero e se dirixe ao señor Lomba Alonso dicindo que o tope mínimo ven dado para corrixir o que ocorreu nalgúns procesos anteriores, pois se establece unha fórmula polinómica liña recta, e así corrixen os desfase e diferencias que pode haber nas puntuacións. Tamén agradece as aportacións feitas, pero as suxerencias do BNG chegaron o 16 de xaneiro, cando o borrador dos pregos se lles facilitou hai dous meses, houberan tido tempo para para estudialas mellor se as presentaran antes.

O señor Lomba Alonso di que xa cuestionaron o mínimo, consideran que é pouco, e di que non foron dous meses os que pasaron, contestando o señor Español Otero que mes e medio.

O señor Lomba Alonso di que non lles poden dicir que chegaron tarde, pois o equipo de goberno ten a costume de chegar sempre tarde e mal, e di que hai que ter "*caradura política*" para dicir que o BNG presentou tarde as súas aportacións, pois o equipo de goberno tiña que ter incorporada a memoria económica. Na memoria da concellería delegada di que o equipo de goberno tiña intención de sacar esta licitación dende hai tempo, e agora lles din que o BNG se acordou a última hora. Di que o equipo de goberno non estaba pola labor, e tiveron tempo de facelo, consensuado e falado doutro xeito. As aportacións están sobre a mesa, seguen sen entender a xustificación do tope do 40%, é un argumento distinto o da Comisión de Asuntos Plenarios. En relación ao 12,5%, se da a mesma situación de antes.

O señor Español Otero di que eles agradeceron, e recoñeceron que chegaron tarde, e explica que neste proceso trataron con dous grupos, e se enriqueceron os pregos. Dende o equipo de goberno fixeron intentos de contactar co voceiro do BNG, cada un administra o seu tempo como quere, pero as cousas son as que son. A culpa do retraso é do equipo de goberno, é unha realidade, pero houberan agradecido as aportacións máis pronto.

O señor Lomba Alonso di que o martes non tiñan todos os datos, e o equipo de goberno non dixo se eses datos implican perdas. Di que co BNG non se puxeron en contacto, o único contacto foi nun lugar non axeitado e o BNG rexistrou o escrito o 16 de xaneiro cunhas dúbidas, foi a mesma mañá que saíu a convocatoria de Asuntos Plenarios, e o BNG aínda non era coñecedor desa convocatoria. Non poden reprochar ao BNG os tempos, reitera que o equipo de goberno ten "*caradura política*", e deberían ter un pouco máis de pudor.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago e Fernández Ozores (seis abstencións).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO SEGUNDO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DO DECRETO 1138/2013, DE 17 DE DECEMBRO.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Recibida comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, (RE 6639 de 05/12/2013), relativa a interposición de recurso Contencioso-Administrativo (proc. ordinario 293/2013) presentado por MARIA MERCEDES MARQUEZ LOMBA, contra Resolución de 9 de xullo de 2013 do Concello de A Guarda, habida que mediante Decreto 1138/2013, de 17 de decembro se adoptou o acordo de remitir o expediente administrativo respectivo ó Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra debidamente foliado e autenticado co seu índice, así como nomear avogados para este procedemento ós letrados D. CARLOS POTEL LESQUEREUX, D. CARLOS POTEL ALVARELLOS e D. MARCOS CAVADAS AVIÓN, notificando os correspondentes emprazamentos

Tendo en conta que o acordo obxecto de recurso foi adoptado polo Pleno do Concello da Guarda en data 9 de xullo de 2013, propono ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Ratificar o Decreto 1138/2013, de 17 de decembro, no recurso Contencioso-Administrativo (proc. ordinario 293/2013) presentado por MARIA MERCEDES MARQUEZ LOMBA, contra Resolución de 9 de xullo de 2013 do Concello de A Guarda.”

A señora Estévez Álvarez di que votarán en contra, non cren que teñan que ratificar o Decreto, pois o Decreto é competencia do Alcalde que o asina, e recorda que se abstiveron no proceso.

O señor Lomba Alonso di que se van abster, e fora da natureza deste acordo, di que o proceso comezou cando el non era concelleiro, resulta preocupante que o Concello non poida dirimir se é público ou privado.

A señora Iglesias Ferreira di que se trata de litixios sen fin, non sabían que tiña tanto tempo, se explicou na Comisión de Asuntos Plenarios, se van abster, e está de acordo co BNG no tema de saber se é público ou privado, é lamentable tanto tempo e tantos cartos gastados.

O señor Español Otero di que seguramente por algo leva tantos anos, el xa o dixo, é un tema mal iniciado, el entende que alí non hai usurpación, sexa público ou privado, non se obstaculiza o tránsito de peóns nin rodado. Isto nace dunha enemizade, e non entende que un xulgado ou xuíz lle “*largue el petate*” ao Concello, el entende que o xuíz deberá visitar o lugar e fixera unha inspección, e está convencido que igual tiñan ata unha sanción as dúas partes, por malgastar os cartos públicos. Os técnicos non puideron determinar se é público ou privado, o xuíz debiera determinar que non hai usurpación. Votarán a favor. En relación coa designación de tres letrados, xa o explicou, non facturan os tres, só un deles.

Intervén o señor Alcalde para dicir que existen moitas dificultades, posto que naquel tempo, as cesións non se documentaban, isto é un asunto de enemizade dos veciños, e aquí se trata de que siga o seu curso.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Lomba Alonso pregunta a razón de designar a tres letrados, contestando a secretaria que neste tipo de procesos, as actuacións poden demorarse moito tempo, e así aseguran que poida actuar no xulgado calquera deles, traballan sen procurador, e todos eles teñen poder do Concello, aínda que finalmente só presentan unha factura.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre